

Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Estudos de Onomástica Galega II
Os nomes e os apelidos:
aspectos legais, sociais e lingüísticos
Xornada de estudo
Pontevedra, 30 de setembro de 2017

Edición de Ana Isabel Boullón Agrelo e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA

Índice

| | |
|---|----|
| Limiar. Un patrimonio que nos responsabiliza..... | 5 |
| Víctor Fernández Freixanes | |
| I. Aspectos legais: a onomástica persoal no Rexistro Civil e os procedementos para restituír a forma estandarizada. Datos, problemas e solucións | |
| Aspectos xurídico-substantivos da restitución de nomes e apelidos á forma galega: normativa e criterios de aplicación | 9 |
| Consuelo Castro Rei | |
| Rexistro Civil: a súa acomodación ás particularidades lingüísticas propias do galego | 21 |
| Encarna Dasi Dorelle | |
| II. Aspectos lingüísticos: grao de conservación e de deturpación no corpus moderno. Criterios para a restitución das formas normalizadas | |
| Apelidos galegos, continuidade e alteración na transmisión | 33 |
| Gonzalo Navaza | |
| O <i>Dicionario dos apelidos galegos</i> e a restitución das formas galegas | 45 |
| Ana Isabel Boullón Agrelo | |

III. A normalización lingüística.

Estratexias para a difusión social das formas estandarizadas

Proposta de campaña desde a Administración de xustiza para
recuperarmos a nosa onomástica persoal 71

Anxos Sobriño

A normalización da antroponimia nos centros de ensino 89

Valentina Formoso Gosende

IV. Os medios de comunicación e a literatura:

os nomes propios na ficción literaria e audiovisual

A onomástica da novela *Costa do Solpor* 109

Xosé María Lema

Pautas para a elección dos nomes dos personaxes 127

Mesa redonda:

Moderadora: Marga Pazos

Participantes: Xosé María Lema, Xosé Castro, Pato e
Araceli Gonda.

O *Diccionario dos apelidos galegos* e a restitución das formas galegas

Ana Isabel Boullón Agrelo

O PROXECTO DO *DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS*

O *Diccionario dos apelidos galegos* (en diante, DAG) é un proxecto de investigación que está sendo levado a cabo por Ana Boullón, Luz Méndez, Gonzalo Navaza e Antón Palacio, todos eles membros do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega. Este proxecto foi obxecto dun convenio entre a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega entre os anos 2010 e 2015, e isto permitiu contar con persoal en formación durante esa tempada¹, o que contribuíu eficazmente ó mantemento das bases onomásticas da Sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega, á recadación de datos históricos e doutros elementos que se inclúen na redacción das entradas.

O corpus de que se parte é o Censo de Poboación de Galicia do Instituto Nacional de Estadística (Madrid), do ano 2001, que fora proporcionado á Real Academia Galega e que, tras un convenio co Instituto da Lingua Galega², serviu para confeccionar a ferramenta *Cartografía dos Apelidos de Galicia* (CAG, posta en liña en 2006, co gallo do centenario da Real Academia Galega), onde se visualiza a distribución dos apelidos de Galicia nos concellos, en datos proporcionais e absolutos, mediante distinta densidade de cores, e en relación a cada concello ou a toda a poboación de Galicia. Os datos numéricos deste censo son os utilizados no DAG, despois de diversas operacións.

En primeiro lugar, a base de datos proporcionada constaba coa información dos apelidos segregada, segundo foran primeiros ou segundos. Dado que o

1 Gonzalo Hermo González (2011-2013), Eduardo Louredo Rodríguez (2013) e Sandra Beis Silva (2013-2015).

2 Dirixido por Xulio Sousa e Ana Boullón. A aplicación foi revisada e mellorada no ILG en 2011: véxase <http://ilg.usc.es/cag/>. En diante, o número de ocorrencias dos apelidos corresponde a esta base completa, non á que está dispoñible na web, xa que, por mor da confidencialidade dos datos persoais, esta non ofrece información de apelidos que presenten menos de 5 formas en cada concello.

que interesaba era a distribución xeográfica e numérica de cada forma, independentemente do lugar que ocupasen (o que reflectía a vía de transmisión paterna ou materna), esta información foi fundida nunha soa táboa, de maneira que as cifras ofrecidas non corresponden a persoas, senón a apelidos.

En segundo lugar, depuráronse só os erros evidentes, tales como os que presentan as seguintes formas:

PIÑÑEIRO, FRNANDEZ, FERANNDEZ, FERMAMDEZ, FERNANNDEZ, FERNANDEZ, GONZÁLELZ, CARREIRRA, MOSQUJERA, QINTELA, QIROGA, SANHCEZ, BARBEITQ, BARRERIOS, IZQUIERDO, LUOZAO, MACE-RIAS, LIÑARS, LOPOEZ, MAZEIRAS, MANTEIGUA, MAQUIEIRIA, LOURRI-RO, MJÑIZ, GUITERREZ, VAZQUIEZ, VAZUQEZ, VAZQEZ³

Neste labor houbo que proceder con prudencia pola especial variabilidade gráfica que presentan os apelidos, que non se axustan sempre ás normas usuais da ortografía (como *Zepeda* por *Cepeda*). Tamén pode haber formas que semellan erratas pero que en realidade existen, como *Goncalves*, forma portuguesa na que o *c* foi privado da cedilla seguramente por estar esta letra ausente da grafía española (e consecuentemente pronúnciase con /k/). Outras veces hai erros evidentes, pero non se pode saber con seguridade a que apelidos se refiren: *FERRERIRA* pode estar por *Ferreira* ou por *Ferrería*, *MARTINSZ*, por *Martíns* ou por *Martinz*, *MAZQUEZ* por *Vázquez* ou *Márquez*; ante a imposibilidade de asignarlle unha forma segura, non foron emendados.

Unha vez feito este labor, seleccionáronse os apelidos que teñen máis de 30 ocorrencias, o que abrangue aproximadamente o 96% do total da poboación. Isto significa preto de 5.800 apelidos, pero tampouco é o número definitivo de formas tratadas, xa que unha das decisións adoptadas foi que só as formas galegas constituirán entradas, o que significa que se desbotarán apelidos foráneos que non teñen equivalente galego, tales como *Borja*, *Vallejo*, *Luna*, *Noguerol* ou *Medina*. Os apelidos de fóra só se teñen en conta se son equivalentes doutros galegos que figuren como entrada, como *Otero* s.v. *Outeiro*, *Alonso* s.v. *Afonso*, *Villar* s.v. *Vilar* (ou, nalgúns casos, que teñan notoria antigüidade no país). E iso é porque, como xa se ve nestes casos citados, a grande maioría deles son o resultado da castellanización dos respectivos apelidos galegos orixinarios. Por último,

3 Indícoos en maiúsculas porque é así como aparecen no Censo, onde tampouco portan acentos gráficos, o que impide distinguir apelidos tales como *Casás/Casas*, *Pazo/Pazó* etc.

a maiores destes, inclúense variantes dos lemas ou outros membros da familia léxica (distinto xénero, plurais, variantes ortográficas ou dialectais, presenza de preposicións etc.), aínda que teñan menos de 30 ocorrencias. Así, *Damorín* s.v. *Amorín*, *Cancelos*, *Cancelas*, *Cancela* s.v. *Cancelo*, ou *Canle*, *Dacal* s.v. *Cal*. Por todo isto, o número de entradas con que agora conta o dicionario é de arredor de 6.600.

Un dos propósitos do dicionario é contribuír á normalización da onomástica galega, polo que as entradas sempre estarán constituídas por formas galegas estandarizadas. En diante explicaremos por que é necesario este tipo de restitucións e que alcance cuantitativo ten.

O PROCESO DE CASTELANIZACIÓN NA ANTROPONIMIA


Tense xa falado noutras ocasións do proceso de castelanización da nosa onomástica, tanto da toponimia (Santamarina 1988) coma da antroponimia (Navaza 2002, Boullón 2009). Como é ben sabido, comezou a partir do momento en que a lingua deixou de usarse por escrito, e foi progresando segundo o tipo de textos, nos que, a maior carácter oficial, maior intención castelanizadora:

no Catastro do Marqués da Ensenada, de mediados do século XVIII, onde xa se aprecia unha tendencia á castelanización sistemática, individuos que no censo da veciñanza aparecen co nome “oficial” de Pedro de Otero, Sebastián de La Fuente, Gregorio Martínez ou Adolfo Mosquera poden reaparecer despois, mencionados nos lindes de herdades, noutra parte do mesmo catastro, cos seus nomes auténticos de Pedro do Outeiro, Sebastián da Fonte, Gregorio Martiz ou Martíns e Adolfo Mosqueira. Ó longo do século XIX, e xa no XX, coa progresiva urbanización, foron esmorecendo as formas orais, mentres que a forma oficial do apelido foi impoñéndose ata facerse exclusiva. (Navaza 2002: 263).

A castelanización foi completa no que se refire ós nomes de pía, cambiantes de xeración en xeración, e máis anárquica nos apelidos. Segundo os meus cálculos, no corpus utilizado no DAG (apelidos de máis de 30 ocorrencias no censo de 2001), as formas en castelán constitúen o 19% do corpus, moi lonxe do 2% ou 4% do vasco ou do catalán (Boullón, no prelo): dado que Galicia é un país de longa tradición emigratoria, e ata o momento recibiu pouca inmigración, en termos cuantitativos, a porcentaxe de nomes castelás debería ser semellante (ou un pouco superior) ós vascos ou cataláns. Esa gran diferenza débese a que a maior

parte das formas castelás, sobre todo as máis frecuentes (como *Martínez*, *Alonso*, *Otero*, *Lorenzo*, *Romero*, *Villar*, presentes na relación dos primeiros 50), son o resultado da castelanización das formas orixinarias (*Martís*⁴, *Afonso*⁵, *Outeiro*, *Lourenzo*, *Romeu*, *Vilar*), ben testemuñadas, coas grafías medievais correspondentes, desde os tempos máis recuados en que existe documentación.

Vexamos algún caso que ilustra este proceso, tirado de entre os apelidos máis frecuentes. *Outeiro* está entre os 20 primeiros, e procede dun nome de residencia, a partir dos moi abundantes lugares chamados *Outeiro* ou *O Outeiro* (Co₁₄₁, Lu₁₇₁, Ou₈₀, Po₁₆₁). Como xa recoñecera Menéndez Pidal, (1926 [1980]: 408) é “voz peculiar del latín hispánico, arraigada en la toponimia de Galicia, León y Zamora, de donde se ha difundido a otras regiones limítrofes”. Así o vemos no mapa moderno do apelido *Otero*, proporcionado polo INE⁶:



Apelido *Otero* en España. Fonte: INE.


Para a correcta interpretación deste mapa, téñase en conta que os apelidos da península ibérica se formaron na metade norte e os da metade sur foron levados en épocas sucesivas á expansión dos reinos cristiáns; por tanto, os datos do sur da península non son relevantes para a orixe dos apelidos que non procedan de topónimos concretos.

4 Para o estudo das formas medievais, modernas e toponímicas de *Martís*, Boullón 2006: 248-254.

5 Un estudo máis pormenorizado de *Afonso-Alonso* e *Monteiro-Montero* en Boullón/Tato 1999.

6 http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177009&menu=resultados&idp=1254734710990


Seguindo con *Outeiro*, a súa orixe é controvertida, e ten sido posta en relación co latín *ALTARIUM, palabra refeita a partir de ALTARIA (plural de ALTARE ‘altar’), e nese caso habería unha translación semántica de ‘altar’ a ‘lugar alto’. Nós, como Álvarez Maurín (1994: 87-89), que estuda a súa presenza en documentación asturleonese, pensamos que debe ser unha creación romance, formada polo engadido do sufixo *eiro* a unha voz *outo* (lat. ALTUM), perdido no léxico común pero moi presente na toponimia (*Montouto, Toxosoutos, Valouta, Penouta* e outros). Atopámolo desde o século IX na documentación galega (“per *illum auctarium, quod vocitant Letaniarum*” a.886 CODOLGA⁷), e, como sobrenome detoponímico, alomenos desde o século XII: *Froila Iohannis de Outeyro* a.1134 TLourenzá (TMILG). Evidentemente, as moitas documentacións medievas aparecen sempre coa forma galega, normalmente con preposición (*d’Outeiro, do Outeiro*, en menor medida *de Outeyro*). A situación cambia cando a lingua galega desaparece dos textos escritos, no século XVI, onde vemos como comeza a aparecer a tradución ó castelán⁸:



Os datos están tirados da base de datos antroponímica dos séculos XVI a XIX elaborada na sección de onomástica do Instituto da Lingua Galega, que contén máis de 22.000 rexistros. Se facemos outra cala no século XVIII, vemos que o proceso de substitución avanzou claramente.

7 Actualmente pódese consultar unha boa parte da documentación en liña: véxase a información sobre as principais ferramentas e a maneira de buscar nelas en Méndez (2016). Eu aquí só indico na bibliografía as abreviaturas dos principais arquivos e as fontes que non están no CODOLGA ou no TMILGA.

8 Pódese ver unha mostra gráfica na fotografía dun libro de fábrica da parroquia de San Miguel de Treos (Vimianzo), do a. 1783 en Ferro Ruibal (1992: 37), onde na mesma páxina *Patricio de Outeiro* pasa a escribirse como *Patricio de Otero*.



Os Catastros de Ensenada foron elaborados co fin de establecer un rexistro único na Coroa de Castela e unificar impostos. Fixéronse en moitas localidades de Galicia e hoxe constitúen un recurso imprescindible para moitos estudos, e desde logo para a antroponimia. Hai que ter en conta, con todo, que, ó tratarse dun documento oficial, a antroponimia está moi castellanizada, seguramente máis do que en realidade era, pero moitas das súas propostas foron consolidándose. É así como, na actualidade, o apelido *Otero* ten 42.667 ocorrencias e *Outeiro* só 341, o que constitúe un 0,80%. Por tanto, é evidente que no devandito mapa de apelidos do INE a enorme frecuencia de *Otero* en Galicia débese á tradución da forma galega orixinaria *Outeiro*. E para ter unha idea do anárquico que foi o proceso de castellanización, véxanse outros apelidos desta familia léxica:

Outeiral 1.280.

Outeiriño 584, **Outerino** (f.a.) < 10, **Oterino** (cast.) 105.

Outerelo 425.

Isto é, aínda que son formas bastante frecuentes, nin *Outeiral* nin *Outerelo* foron afectadas, e *Outeiriño* só parcialmente, ben mediante a tradución (*Oterino*), ben mediante unha forma híbrida, *Outerino*, que hoxe ten moi poucas ocorrencias en Galicia, pero que conta con 28 nos Estados Unidos (segundo o recurso *Forebears*).

Unha situación semellante atopamos no caso de *Igrexa*. Das 138 cadeas onomásticas que conteñen esta voz na base de datos dos séculos XVI-XIX do ILG, só mostran forma galega as do XVI e XVII:

de/da Ireja/Ireje/Ygrexa: *Rodrigo de Ireja, Gregorio da Ireja, Domingo de Ireje, Vernaldo de Ireje, Domingo de Ireje* a.1561 TerraDeza, *Juan Fernández da Ygrexa* a.1626 AHN.

Unhas cantas conservan a unión da preposición co artigo galego:

da Iglesia: *Pero de a Ygresia* a.1507 CDAltamira, *Juan da Yglesia, Pedro da Yglesia;* a.1561 TerraDeza, *Pedro da Iglesia* a.1752 CatPontevedra, *Silvestra da Yglesia* a.1752 CatSantiago, *Antonio da Yglesia* a.1752 CatCoruña.

A maior parte dos nomes do século XVIII presentan o castelán *dela Yglesia*⁹ e nunhas poucas alterna a denominación galega e a castelá para a mesma persoa, como xa vimos que pasaba tamén con *Outeiro* e que testemuña como se ía facendo a substitución.

Francisco Antonio da Yglesia = *dela Yglesia/Yglesia*, *Pedro dela Yglesia* = *da Yglesia*, *jornalero* a.1751 CatBetanzos.

Atopamos esta situación en bastantes casos:

Afonsín [= *de Alfonsín/Alfonsín*] CatBetanzos.

Cabaleiro [= *Cavaleiro/Cavallero*] CatBetanzos.

Carreira [= *Carreiras, Carreras*] (don) 18.1753 CatCoristanco.

de Outeiro [= *de Otero*] 10 persoas distintas en CatBetanzos, CatCoristanco.

de Soto [= *do Souto, de Sotto*] CatCoristanco, CatBetanzos.

de Villariño [= *Vilariño*] CatBetanzos.

de Losada [= *Lousada/Losada*] CatBetanzos.

Lozano [= *Losano, Louzán*] CatCoristanco.


Mosquera [= *Mosqueira*] CatBetanzos.

de Leys [= *de Leyes*] CatBetanzos.


Courel [= *Caurel/Caurèl*] CatBetanzos.

Besteiro [= *Balletero*] CatSanMigueldoIncioPARES.

⁹ Das 148 secuencias antroponímicas nas que aparece a palabra *igreja* (sexa en galego ou en castelán), en 142 está en castelán (*Yglesia* ou *Iglesia*). Hai que ter en conta que hai moitos máis rexistros do XVIII (122) ca dos outros séculos.



Vexamos a imaxe desta última, onde *Diego Besteiro* é propietario dun mazo na pregunta nº 17 do Catastro de Ensenada de San Miguel do Incio:



Pero na pregunta 33, na lista dos ferreiros, aparece xa como *Diego Balles-tero*:

En realidade, os intentos de castellanización dos apelidos foron máis dos que acabaron callando, como vemos nalgúns exemplos que hoxe parecen insólitos¹⁰:

Entenza ⁶²⁹. Toponímico (Salceda de Caselas, Po). Documentábase como *Francisco Entienza* a.1752 XurisMorrazo.

Freixomil ^{<10}, **Frejomil** (f.a.) ³⁷⁰. Procede do topónimo *Freixomil* (Moar, Frades, Co). Documentábase como *Frejomil* a.1752 CatCoruña.

Mouriño ^{3.454}. É un sobrenome, diminutivo de *Mouro*, que actualmente non presenta forma castellanizada. Pero houbo tentativas, todas na mesma fonte: *Gonsalbo de Mouriño* = *Gonzalo de Moryno* a.1507, *Juan de Morino* s. XVI, *Pedro de Mourino* CDALTamira.

Mantián ⁷⁴³. Toponímico (Soandres, A Laracha, Co). Aparece sen nasal palatal: *Pasqual Mantinán, clérigo, maestro de gramática* a.1752 CatCoruña.

¹⁰ A partir de agora usarei as convencións propias do DAG: a seguir de cada forma, o número de ocorrencias dos apelidos, a non ser que sexa menor de dez, en cuxo caso indícase “< 10”, para garantir a privacidade dos datos. O número de topónimos indícase por provincia, en subíndice.

Xermiñas, Germiñas (f.a.)⁷⁹. A castelanización moderna deste apelido, que procede do nome do lugar *Xermiñas* (en Lesta, Ordes, Co), afecta á sibilante inicial, pero houbo intento de modificar tamén a palatal: *Juana de Germinas* a.1575 ACS, *Gregorio de Germinas*, veciño de Lesta (Ordes) a.1578 ACS.

Toubes²⁴². Toponímico: parroquia da Peroxa e lugar en San Cristovo de Cea, ambos en Ourense. En documentos de Montederramo atopámolo coa forma moderna: *frey Rrodrigo de Toubes, cantor* a.1510, pero o mesmo individuo, en textos posteriores, co apelido modificado: *Rrodrigo de Toves* a.1521, *Rrodrigo de Toues* a.1515, *fray Rrodrigo de Tobes* a.1528 CDMontederramo.

Non é algo diferente do que ocurría coa toponimia. Son ben coñecidas as *Memorias del arzobispado de Santiago* do cardeal Jerónimo de Hoyo, nacido en Segovia, visitador da diocese compostelá entre 1603 e 1620; nelas describe con pormenor as distintas propiedades da catedral e, por tanto, menciona un grande número de lugares. Alí vemos cousas tan rechamantes como as seguintes:

| <i>Memorias</i> (1607) | <i>Nomenclátor de Galicia</i> 2003 (NG) |
|--|---|
| Sancta Maria de Junio | Xuño (Santa Mariña) (O Porto do Son) |
| San Martino de Minortos | Miñortos (San Martiño) (O Porto do Son) |
| San Pedro de Palmera | Palmeira (San Pedro) (Ribeira) |
| Sancta Eugenia de Rivera | Ribeira (Santa Uxía) |
| Sancta María del Yobre, Sancta Maria de Iobre | Xobre, O (Santa María) (A Pobra do Caramiñal) |
| Santa Baya de Buero | Boiro (Santa Baia) |
| Santiago de Artexo | Arteixo (Santiago) |


Quérese dicir que os intentos de castelanización na escrita foron bastante xeneralizados, pero non todos acabaron callando, nin na antroponimia nin moito menos na toponimia, que se conservou, en conxunto, moito mellor.

Tamén podemos ver que o mesmo topónimo deu lugar a dous apelidos diferentes, un castelanizado e outro non. Por exemplo, *Cidrás* procede do topónimo homónimo do concello de Marín, e os seus portadores están maioritariamente distribuídos arredor da ría de Vigo, con maior incidencia no Salnés, sobre todo no propio concello de Marín. Ten orixe etimolóxica no lat. CITRALES, der. de *cidro* ‘árbore semellante ó limoeiro’ e documéntase formando parte de nomes alomenos desde o século xv (*Lopo Martís de Çidrãas* a.1457 LNRianxo). Pero

tamén existe *Cidranes*, con case a metade de portadores en Santiago e outros concellos próximos, formado a partir dun nome de lugar actualmente desaparecido pero que sabemos polas documentacións históricas que estaba situado en Marrozos: Francisco Rodríguez, veciño de Rianxo, arrenda o lugar de *Cidrás*, sito na parroquia de Santa María de Marrozos (a.1561, ACS). O topónimo está atestado desde o século XIV como *Cidraes* e en nomes persoais desde o XVI; a forma híbrida comézase a ver na documentación a partir do século XIX, que é a época de creación do Rexistro Civil español, e así se consolidou ata agora.



Apellido *Cidranes* (f.a.) (41 ocorrencias)



Apellido *Cidrás* (219 ocorrencias) (CAG)

Juan Martínez de Cidrás, veciño de San Martiño de Aríns a.1576 ACS, *Juan Antonio Crespo de Cidrás* a.1616-1725 AHUS.

Rosa Cidranes, de Santiago; *Francisca Cidranes*, pobre mendiga de Santiago, *Esteban Cidranes*, avó de Ángela Castiñeiras Cidranes, da parroquia de Sar a.1841 AHUS.

En *Mourelle* 1.622, *Morelle* (f.a.) 37, a castelanización deuse a partir de topónimos distintos: a forma galega conservouse nos apelidos procedentes dos *Mourelle* dos concellos de Santa Comba e Pastoriza, pero castelanizouse o apelido espallado nas comarcas de Betanzos, Terra de Melide e Arzúa, que procedía probablemente de Taboada (Lugo). Noutros casos a transformación ocorreu cando os portadores marcharon do seu lugar de orixe, como *Cundíns/Condines* (véxase Navaza, neste mesmo volume).

Ocorre tamén que o apelido está castelanizado en Galicia pero consérvase na emigración. Así *Gontad* (207 ocorrencias), correspondente ó nome de lugar *Gontade*, en Cuntis e Carballo, mantén a súa forma orixinal na Arxentina (con 60 ocorrencias segundo *Forebears*), o que demostra que a castelanización se consolidou moi recentemente no noso país, despois de os seus portadores marcharen alén mar.

En realidade, existe aínda en moitos casos a memoria da forma primixenia, conservada como nome de casa, aínda que de maneira oficial conste a castelanizada: o nome de casa *Outeiro*, e nos documentos de identidade *Otero* (na aldea de Pazos, Boiro), a necrolóxica de José *Martínez* en setembro de 2017 (Aranga), aclarando que se trataba da Casa *Martís* en Santiso, e tantos outros exemplos. Trátase logo de harmonizar a forma oficial coa aínda viva, e noutras ocasións de restituír a que foi modificada.

A VONTADE DE ESTANDARIZACIÓN DO *DICCIONARIO DOS APELIDOS*

Por todas estas razóns, un dos propósitos da elaboración do *Diccionario dos apelidos* é contribuír á normalización dos apelidos galegos que foron sendo deformados neste longo proceso. Os criterios para a estandarización son, en primeiro lugar, como é evidente, os da lingua común, as *Normas* do ILG/RAG (2003), desenvolvidas para o léxico no DRAG (en liña). Pero o léxico onomástico ten uns criterios non tan restritivos coma o léxico común, xa que, igual ca na toponimia, respéctanse as variedades dialectais. E nos apelidos detoponímicos, tómanse como referencia as formas presentes no *Nomenclátor de Galicia* (2003). Os criterios concretos para os apelidos están especificados no opúsculo recentemente publicado pola RAG *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización* (2016). Neste libríño ofrécese as formas dos 1.500 apelidos máis frecuentes, o que supón unha porcentaxe moi ampla da poboación (aproximadamente un 90%), pero a cantidade de apelidos estudados no DAG é moito maior (máis de 6.000), e nalgúns dos cales houbo que tomar decisións para a súa estandarización, baseándose nos anteditos criterios.

Como vimos, os principais problemas proceden dos intentos de castelanización, que en ocasións traduciron ó castelán, pero outras veces deixaron formas

híbridas, con morfoloxía galega e fonética castelá, ou fonética galega e morfoloxía castelá. Estas formas márcanse no DAG como *f.a.* (abreviatura de *forma anómala*) e propóñense como lema as alternativas estándares. En caso de que a influencia do castelán sexa só gráfica, sen repercusións fonéticas ou morfolóxicas, a marca é *g.a.* (*grafía anómala*), e propónse tamén a forma estándar. Téñase en conta que a escolla dos lemas do dicionario é rexida polo principio primeiro das *Normas*, que procura

un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleo e innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe ser o máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego (p. 9)

Por tanto, estas marcas só se empregaron cando hai interferencias do outro idioma, non cando se trata de distintas evolucións (como *Páez/Pais/Paz*), formas populares (*Carmoega/Carmuega*), variantes dialectais (*Fontán/Fontao, Eiris/Eiriz*¹¹) ou grafías arcaicas (*Boo*, fronte á palabra *bo*, *Moo* < lat. MŌLAM, *Caaveiro* < med. *Calavario, Baamonde*, do nome persoal de orixe xermánica *Badamundo* etc.).

Exporei a seguir algunhas das cuestións máis frecuentes.

En primeiro lugar, a adopción do grafema <x> para o fonema /ʃ/ en vez do <j> ou <g+ e, i> do castelán. En contra do que se ten dito, estes grafemas non son continuadores da tradición medieval galega, senón que a partir do século XVI sufriron as vicisitudes da ortografía castelá, como xa ten explicado con meridiana claridade Gonzalo Navaza (2012). Así, estes grafemas (<j> e <g+ e, i>) representan o fonema /x/ dese idioma, isto é, a fricativa velar xorda o que leva ós usuarios a pronuncialos á maneira castelá. Velaquí algúns exemplos representativos:

Feixó < 10, **Feixoo** < 10, **Feijó** (f.a.) 44, **Feijoo** 6.763 (f.a.). Sobrenome. Do s. *feixó* ‘faba’, e este do lat. FASEOLUM < gr. PHASÉOLOS. Era probablemente un alcume en alusión metafórica a un calvo (Navaza 2012: 183).

Raxoi, Rajoy (f.a.) 180. Toponímico: *Raxoi* (Po₂, Co₁). Probablemente do xenitivo do nome de posesor altomedieval *Ragiolus* (Navaza 2012: 183-84).

Toxo, Tojo (f.a.) 1.292. Sobrenome ou toponímico: *Toxo* e *O Toxo* (Co₁, Lu₁, Ou₁, Po₂). O nome da planta deriva dunha palabra prerromana *TOJU, ‘toxó’.

11 Para estes apelidos véxase Boullón 2006: 242-248.

Seixas ²³, **Seijas** (f.a.) ^{5.203}. Toponímico: *Seixas* ou *As Seixas* (Co₁₄, Lu₁₁, Ou₁, Po₂), formados a partir dun primitivo *seixa* (< lat. SAXA, plural de SAXUM ‘pedra’).

Semellantes problemas comportan os apelidos que reflecten a gheada mediante o grafema <j>, inducindo a pronunciar o son propio, farínxeo ([ħ]) ou glotal ([h]), como o fricativo velar xordo do castelán ([x])¹². En apelidos opacos pode chegar a ser moi complexo descubrir cal é realmente a forma non deturpada, como mostra Luz Méndez (no prelo), e noutros é máis doado por proviren dun topónimo ou dun sobrenome coñecido:

Arxóns <¹⁰, **Arjones** (f.a.) ⁴¹¹, **Argones** (f.a.) ³⁶. Toponímico: *Arxóns* (Santeles, A Estrada, Po).

Baluga, Baluja (f.a.) ²⁹³, **Valuja** (f.a.) ¹⁵. Sobrenome a partir do substantivo *baluga* ‘bola de manteiga’.

Carmoega ²⁹, **Carmuega** ¹⁴¹, **Carmueja** (f.a.) ⁴⁰, **Carmoeya** (f.a.) <¹⁰. Toponímico: parroquia do concello de Agolada.

Coego ⁴⁶³, **Coejo** (f.a.) ⁸⁴. Sobrenome de inspiración eclesiástica (<lat. CANONĪCUM).

Fraguío ¹⁸¹, **Fragío** (f.a.) ¹⁰⁴. Toponímico ou sobrenome.

Herbogo <¹⁰, **Herbojo** (f.a.) ²⁶, **Erbojo** (f.a.) <¹⁰. Toponímico: *Herbogo* (Rois, Co).

Mesego ⁸³, **Mesejo** (f.a.) ²⁸⁷. Toponímico: *Mesego* (Cuntis, Po).

Se o apelido ten dúas sílabas con /g/ e está en zonas de gheada, o número de variantes aumenta en consonancia:

Reguengo ³⁸, **Regenjo** (f.a.) ⁹², **Rejenjo** (f.a.) <¹⁰, **Regengo** (f.a.) ¹⁸, **Reguenjo** (f.a.) <¹⁰. Toponímico: *Reguengo* e *O Reguengo* (Co₃, Lu₁₁, Ou₇, Po₁₂).

Tamén podemos ver como en zonas de gheada se modificaron apelidos que presentaban <j>, por considerar erroneamente este son como o da gheada, cando en realidade se trataba da translación á grafía castelán dun /ʃ/ orixinario. Como resultado desa hipercorrección déronse casos de gheada (*Abeixón* > *Abeijón* > *Abeigón*):

¹² Para a influencia da gheada na onomástica, véxase Boullón 2012.

Abeixón, Abeijón (f.a.) 1.665, **Abeigón** (f.a.) 40. Toponímico: *Abeixón* (Tállara, Lousame, Co).

Orxeira, Orgeira (f.a.) 562, **Orjeira** (f.a.) < 10, **Orgueira** (f.a.) 135. Toponímico: *Orxeira* (Co₂, Lu₁, Ou₁).

E hai casos en que a partir dun único topónimo se crearon ata seis apelidos distintos, con diferentes formas de castelanización (fonética, mediante a ‘tradución’ do son /ʃ/ e posterior hipercorrección en gueada; morfolóxica, cos sufixos transformados analoxicamente cos casteláns, e coa diversidade gráfica de <g+e> e <j+e>):

Borraxeiros, Borrageiros 126 (f.a.), **Borrajeiros** 10 (f.a.), **Borrageros** 61 (f.a.), **Borrajeros** 31 (f.a.), **Borragueiros** 11 (f.a.), **Borragueros** < 10 (f.a.). Toponímico: *Borraxeiros* (Agolada e A Caniza-Po).

Xiadás, Xiadáns, Giadás (f.a.) 222, **Giadáns** (f.a.) 69, **Giadanes** (f.a.) 67, **Guiadanes** (f.a.) 76. Toponímico: *Xiadás* (Gastrar, Boqueixón, Co).

Xiance, Giance (f.a.) 73, **Guiance** (f.a.) 316, **Xianzo, Gianzo** (f.a.) 111, **Guianzo** (f.a.) 15. OUTROS: **Xiances, Guiances** < 10. Patronímico.

É frecuente tamén o uso do <i> para o antigo <y> como vogal en ditongo, usual na Idade Media e mantida por ser norma en castelán. Nalgúns casos non comporta cambio de pronuncia (*Rei, Romai, Permui, Asorei, Aboi, Bascoi...*), pero noutros, ó estar en posición intervocálica, si, posto que en vez de pronunciarse unha semivogal ([j]), artículase como consoante oclusiva palatal xorda ([ʝ]), polo que *Noia, Gaioso, Maio, Costoia*, por exemplo, pasan a ser *Noya, Gayoso, Mayo* ou *Costoya*.

Nos apelidos expostos non hai problemas para propor unha forma estándar, igual ca noutros moitos que teñen alteracións nos ditongos (*Figuroa* f.a. < *Figueiroa*, *Monteserín* f.a. < *Monteseirín*), na morfoloxía (*Molanes* f.a. < *Moláns*, *Goyanes* f.a. < *Goiáns*, *Bustabad* f.a. < *Bustabade*, *Miñones* f.a. < *Miñóns*, *Mellid Melliz* f.a. < *Melide* etc.) ou en varios aspectos (*Lorenzana* f.a. < *Lourenzá*, *Orjales / Horjales* f.a. < *Orxás*) especialmente nos que coinciden cun topónimo xa regularizado no NG, pero outros casos son máis complexos por non estar claro cal é a forma de que proceden. Exporei algúns casos particulares.

Na zona de Arteixo hai unha área de *Mañana* que, malia que o parece, non ten que ver co adverbio ou substantivo *mañá*. A súa distribución compacta

é semellante á dos apelidos toponímicos, o que fai sospeitar que por esta área debeu existir un nome de lugar coa mesma orixe có leonés *Villamañán*, que posiblemente ten a súa orixe nun nome de poseedor, quizais latino, **Man(n)ianus*, derivado de *Mannius*, que podería ter relación do adv. *mane*, e significaría ‘o nacido cedo’ (como propón Piel 1947: 321). Ademais, pola mesma zona están as variantes *Mañá* e *Mañán*, que reflicten cadanseu resultado dialectal. A castelanización sería unha tradución errónea da forma galega dun topónimo desaparecido que debeu ter lugar bastante recentemente, porque as atestacións históricas localizadas ata o século XIX sempre presentan a forma *Mañán*. Por tanto, a súa restitución no dicionario propónse a partir de calquera das formas dialectais conservadas:

Mañá ¹⁶², **Mañán** ¹¹, **Mañana** (f.a.) ⁴⁷⁶. Toponímico.

No apelido *Acción* a castelanización consistiu en identificalo co cultismo procedente do latín *ACTIO*, -ONIS. Pero en realidade procede dun topónimo *unicum*, *Ación*, de Guitiriz, que probablemente se base no nome feminino de orixe xermánica *Ascilo*, -one, testemuñado no século XI no Tombo de Celanova: *Aciloni prolis Didaci* a.1067. As atestacións históricas localizadas, do século XIX, conservan a forma do topónimo (*Andrés Ación*, avó de *Manuel Aurelio Brenlla Ación* a.1866 AHUS), polo que a castelanización é posterior, posiblemente de canda a creación do Rexistro Civil español (1870).

Ación ¹², **Acción** (f.a.) ³⁰¹. Toponímico: *Ación* (Os Vilares, Guitiriz, Lu).

A modificación que sufriu *Erias* tampouco é usual, porque o equivalente castelán é *Eras*, en todo caso (que nos apelidos consta como *Heras*, cun *H-* non etimolóxico). A cuestión é que se comeza a testemuñar a partir do século XIX, ás veces simultánea á forma castelá: *Juan de Erias, cerero* a.1752 CatSantiago, *Domingo de las Erias* a.1815, *Antonia Eras-Erias* 1820-1828 LibParrLeiroAbegondoAHDS. Ha ter orixe nun topónimo sen localizar ou nun microtopónimo do concello de Abegondo, pois é apelido característico e case exclusivo da comarca de Betanzos. A alternancia das dúas formas, a orixinal e a alterada, aínda se dá en familias da zona e algúns portadores restituíron o orixinal *Eiras*, que é o que se propón no DAG:

Eiras 1.918, **Eyras** (g.a.) < 10, **Erias** (f.a.) 99. **Heras** (cast.) 350. Toponímico: *Eiras* e *As Eiras* (Co₁, Lu₄, Ou₅, Po₉).

Villaamil parece á primeira vista un composto de *villa* (a castelanización de *vila*) e *Amil*, un topónimo de orixe xermánico. Non sería sorprendente, posto que *vila* e os seus derivados e compostos foron présa fácil desta transformación, dada a súa transparencia:

Vila 14.888, **Avila** 326. **Villa** (cast.) 941, **Lavilla** (cast.) 47. PL.: **Vilas** 5.739. **Villas** (cast.) 15. Toponímico: *Vila* e *A Vila* (Co₁₂, Lu₂₅, Ou₁₁, Po₅) ou *Vilas* (Co₆, Po₁) e *As Villas* (Parada, A Estrada, Po).

Vilaboi < 10, **Vilaboy** (g.a.) 436, **Villaboy** (f.a.) < 10. Toponímico: *Vilaboi* (Loira, Valdoviño, Co).

Viladóniga < 10, **Villadóniga** (f.a.) 483, **Viladonga**, **Villadonga** (f.a.) 29. Toponímico: *Viladóniga* (Co₂, Lu₂), *Viladónega* ou *A Viladónega* (Co₁, Lu₄) e *Viladonga* (Castro de Rei, Lu).

Vilafíns, **Vilafiz**, **Villafines** (f.a.) 33. Toponímico: *Vilafiz* (Lu₃).

Vilagarcía, **Villagarcía** (cast.) 35. Toponímico: *Vilagarcía* (Baleira, Lu).

Vilalba, **Villalba** (cast.) 457. Toponímico: *Vilalba* (Co₁, Lu₃).

Vilamaior, **Vilamayor** (f.a.) < 10. **Villamayor** (cast.) 263. Toponímico: *Vilamaior* (Co₄, Lu₁₀, Ou₄, Po₂).

Vilamar, **Villamar** (f.a.) 92. Toponímico: *Vilamar* (Barreiros, Lu).

Vilamarín < 10. **Villamarín** (cast.) 1.033. Toponímico: *Vilamarín* (lugar, parroquia e concello ourensáns e varias aldeas en Co₁, Lu₃).

Vilamel, **Villamel** (f.a.) 84. Toponímico: *Vilamel* (Outeiro, Castro de Rei, Lu).

Vilamor < 10. **Villamor** (cast.) 795. Toponímico: *Vilamor* (Co₁, Lu₄), *Vilamor de Arriba* (Co) e *Vilamor de Abaixo* (Co).

Vilanova 1.578, **Vilanoba** (g.a.) < 10. **Villanueva** (cast.) 4.460.

Vilanustre, **Villanustre** (f.a.) 214, **Vilalustre**, **Villalustre** (f.a.) 92. Toponímico: *Vilanustre* (Asados, Rianxo, Co).

Vilapol, **Villapol** (cast.) 111. Toponímico: *Vilapol* (Lourenzá e Xove, ambos en Lugo).

Vilasante 22, **Villasante** (cast.) 259. Toponímico: *Vilasante* (Lu₅).

Vilaseca 26. **Villaseca** (cast.) 45. Toponímico: *Vilaseca* (Lu₂, Ou₁, Po₁).

Vilasenín, **Villasenín** (f.a.) 352. Toponímico: *Vilasenín* (Leira, Ordes, Co).

Vilasuso 334. **Villasuso** (f.a.) 427. Toponímico: *Vilasuso* (Co₁₄, Lu₉).

Vilaverde < 10. **Villaverde** (cast.) 6.179. Toponímico: *Vilaverde* (Co₉, Lu₁₂, Ou₆, Po₇).

Algúns zafaron totalmente da castelanización: *Vilasánchez*, *Vilavedra*, *Vilaso* / *Vilasó*, *Vilachá* / *Vilachán* e *Vilaboa*. Nun par de casos hai grafías alteradas: *Vilacova* a carón do maioritario *Vilacoba* e mais *Vilavella* (con menos de dez ocorrencias, podería tratarse do apelido catalán homónimo) / *Vilabella*; este último sufriu a mesma identificación co adxectivo castelán *bello* ‘fermoso’ que ocasionou a masiva transformación do apelido *Vello* (así escrito na Idade Media) en *Bello*.

Quizais cumpra explicación a restitución proposta para a forma anómala *Villafines*. Os topónimos actuais presentan a forma *Vilafiz*, e a difusión moderna da forma castelanizada do apelido sitúase en torno á ría de Vigo, o que pode explicarse por haber un topónimo nesta zona que se perdeu (que, segundo lle corresponde dialectalmente, sería *Vilafins*), ou ben por un desprazamento cara aquí desde a zona de Lugo onde hoxe se sitúan os lugares con este nome (e subseguinte asimilación das características dialectais da zona de acollida). Por iso se propoñen dúas formas, unha propia da zona onde está o apelido e outra coincidente co topónimo de orixe.

Pero volvamos a *Villaamil*. Decía que ten aspecto de ser castelanización dun *vila* orixinal, pero isto pode ser enganoso, porque tamén se documenta *Villamil* (314); porén, este tampouco non ten que ver co latín *VILLA*, nin é castelanismo, porque o nome de lugar que lle deu orixe, situado en Valdoviño (Co), procede do xenitivo do nome xermánico dun antigo posesor *Wiliamiro*, composto polo gót. **wilja* ‘vontade, desexo; pracer, satisfacción’ e un segundo elemento *mirus*, do gót. *mêreis* ‘famoso’ (HGN 302.12), o mesmo que xerou o topónimo *Guillamil*. Daquela, ¿é *Villaamil* unha variante de *Villamil*/*Guillamil*? As dúbidas despéxanse ó acudir á documentación medieval: todas elas remiten ó actual nome de lugar *Vileimil*, na Pontenova (Lu):

García Pérez de *Villaamir* a.1269, don abbade Lope Rodríguez de *Vilaymir* a.1274, Affonso López de *Villeymir* a.1282, María Pérez de *Villabeymir*, dita Guazea, Gonzalvo Meendez de *Villabeymir*, cavalleiro, María d’Ayaa de *Villabeymir* a.1288 Affonso Martinez de *Villabeymir* a.1288, García Pérez de *Villagelmir* a.1291, Pedro Migaél de *Villeymir* a.1294 CDOscos, Lopo Suares de *Vilaymir* a.1346 DocCatMondoñedo, Guiomar de Navia y *Billaamil* a.1582 AHUS, Catalina de Vivero Navia y *Villaamil* a.1672, Benito Fernández *Villaamil*, xuíz e xustiza ordinario da xurisdición de Cancelada de Abaixo (Becerreá) a.1790 ARG

As formas con *aa-* difúndense a finais do XVI, alomenos na documentación consultada, o que demostra que os escribas daquel momento fixeron a mesma falsa identificación con *vila* + *Amil*, elemento xermánico de certa frecuencia na toponimia galega e, por tanto, nos apelidos: *Ramil*, *Amil*, *Ramilo*, *Framil*, *Villamil*, *Estramil*, *Damil*, *Sandamil*, *Candamil*, *Baamil* (expostos por orde de frecuencia).

Así pois, neste caso a etimoloxía é tamén xermánica, pero parte doutro nome, neste caso, VILLA AGIMIRI, formado co nome xermánico *Agimirus*, composto pola raíz AGI, de difícil interpretación, quizais do gót. AGIS ‘espanto’ ou *AGJIA ‘gume, fío cortante’ (HGN 5.7). A forma proposta para a súa restauración é, como adoito, a do topónimo que lle deu orixe:

Vileimil, Villaamil (f.a.) ³⁷. Toponímico: *Vileimil* (Vilaboa, A Pontenova, Lu).


Hai outros casos en que a deformación dos apelidos só se puido facer desde a perspectiva do castelán. O apelido *Cumbrado* formouse a partir de *Cumbrao* por hipercorrección da alteración fonética que se dá en español nos adxectivos en *-ado* > *-ao*. Pola súa parte, *Cumbrao* vén do topónimo *Cumbraos* (en singular para concordar co portador), e ambos e dous deixaron tamén apelidos. Evidentemente, a forma orixinal non ten nada que ver cun participio en *-ado*, porque procede do xentilicio correspondente a *Coímbra*, formado coa súa derivación co sufixo latino *-ANOS* (med. *Colimbrianos*). É un dos topónimos creados a partir de poboadores que se desprazaron dos seus lugares de orixe, neste caso fuxidos da cidade portuguesa por causa da devastación causada polos suevos (século V), ou mozárabes que máis tarde fuxiron dos árabes (século VIII). En todo caso, con este adxectivo hai oito entidades de poboación no territorio galego. A explicación suxerida para explicar a forma en *-ado* parece confirmarse con esta alternancia que vemos nos textos: *Juan Francisco Cumbraos* = *Cumbrados* (Cuíña) a.1753 CatLugoPARES. Esta atestación sitúase nun dos lugares que deu orixe, en Cuíña (Lugo), pois é neste concello e mais no Corgo onde se localiza en maior número. Os actuais portadores de *Cumbrado* sitúanse en Ourense e San Cibrao das Viñas, lonxe de calquera dos posibles lugares de orixe; esa distancia posiblemente influíu nesta modificación, xa que se descoñecía o nome de referencia no momento de acuñarse o apelido. O plural *Cumbrados*, que hoxe se localiza sobre todo en Cantabria, ha formar parte desta serie. E algo semellante

ocorreu con *Probados* (apelidos situados na Coruña), hipercorrección a partir do apelido *Probaos* (maioritariamente en Sada), que vén dun topónimo homónimo de Cesuras, o cal fai referencia a habitantes que se desprazaron desde o lugar da *Pobra*, en Oleiros. Nos dous casos as propostas quedarían como segue:

Cumbraos ¹¹⁰. Outros: **Cumbrao** ¹², **Cumbrado** (f.a.) ³⁷, **Cumbrados** (f.a.) ^{<10}. Toponímico: *Cumbraos* (Co₂, Lu₄, Po₁).

Probaos ³⁴, **Probados** (f.a.) ¹¹. Toponímico: *Pobraos* (Cesuras, Co).

Poderíanse citar máis transformacións excéntricas por mala interpretación das formas galegas, pero rematarei con outra restitución que toca á forma dialectal. O adxectivo *Gardado* figura en dicionarios galegos co sentido de ‘reservado’, ‘cauteloso’, ‘prudente’, acepción que casa ben cun alcume que daría lugar a un



Apelido *Guardado* (CAG) e isoglosa *ca-/cua-* (ALGa II, 280)

apelido. E rexístrase en Galicia con nomes persoais desde o século xv. Hoxe o apelido ten unicamente a forma *Guardado* (360 ocorrencias), que non presentaría problemas, por tratarse dunha forma dialectal galega (a alternancia *ca-tro-cuatro* vese no mapa 280 do ALGa II). O problema é que o apelido está hoxe maioritariamente situado en área de *ca-* ou *ga-*, como se ve no mapa:

Na Idade Media o apelido presenta a forma propia desa zona:

Afonso *Gardado*, alfayate a.1417 LCSantiago, Estevo *Gardado*, morador ñna freygisía de San Miguel de Levosende a.1420 CDS ClodioRibeiro, Pero *Gardado* a.1455 DocNoia,

Rodrigo *Gardado*, veciño do couto de Xallas a.1553, Fernando Vázquez *Gardado*, veciño de Santiago a.1554 AHUS

E alterna coa conservación do *w* nese contexto:

Afonso Guardado, zapateiro, veciño de Santiago a.1490, *Domingo Guardado*, zapateiro, veciño de Santiago a.1542 ACS, *Antonio Guardado*, veciño de Paramos (Val do Dubra) a.1545, *Jácome Guardado*, veciño de Coucieiro (Val do Dubra) a.1563 ACS, *Juan Guardado*, veciño de Ser (Santa Comba), fillo de *Rodrigo Guardado* a.1595 AHUS, *don Roque Antonio Guardado*, rexedor perpetuo a.1752 CatCangas.

Por tanto, tendo en conta que, por unha banda, é moi posible que os apelidos do occidente da Coruña, onde corresponde a forma *gardar*, fosen obxecto de regularización pola forma castelá *guardar*, pero, por outra banda, que tamén hai portadores no Morrazo, onde a solución patrimonial coincide coa do castelán, consideramos que se debería repor a forma *Gardado* no lema; isto é:

Gardado, Guardado ³⁶⁰. Sobrenome.

CABO

A gran diversidade que presentan moitos apelidos dificulta o proceso de restitución das formas propias que foron substituídas ou alteradas polo castelán nunha porcentaxe importante. Do 19% das variantes dos apelidos que, segundo os meus cálculos, se deben adscribir ó español, unha parte moi relevante se corresponde con apelidos que foron castelanizados ó longo do proceso da eliminación do galego como lingua escrita que comezou no século XVI. A estes hai que engadirle un 8% de formas híbridas, que non son traducións ó castelán, senón deformacións debidas ó intento de acomodar a fonética e a morfoloxía do galego a aquela lingua. A maior parte destas son topónimos, e, por tanto, doadas de reconstruír no *Diccionario dos apelidos galegos* para ofrecerlles ós seus portadores a posibilidade de restituílos á súa forma estándar moderna. Outras requiren un estudo máis específico que teña en conta a etimoloxía, a difusión actual no territorio, a documentación histórica, os movementos de poboación e a evolución do significado no tempo, entre outras cousas.

As proporcións de formas alteradas varían en cada apelido, pero atopamos un gran número deles dos que non había nin unha soa forma normalizada: concretamente, polo momento, 340; e outras 150 que teñen menos de cinco ocorrencias, isto é, que probablemente resulten da regularización que fixeron os seus portadores aproveitando o cambio na Lei do Rexistro Civil (20/2011, do 21 de xullo), que mediante un trámite simple de declaración de vontade do interesado no Rexistro Civil ou no Xulgado de paz, permite regularizar ortograficamente os apelidos á lingua española correspondente (artigo 4º). Neste sentido, coa escolla dos lemas e as marcas lexicográficas, o *Diccionario dos apelidos galegos* pretende, amais do labor correspondente á pescuda lingüística e histórica, contribuír á normalización dos apelidos galegos.

BIBLIOGRAFÍA

- ACS = Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago. Dispoñible en <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac?usr=null>
- AHN = Archivo Histórico Nacional (Madrid). Dispoñible parte dos fondos en <http://pares.mcu.es/>
- AHUS = Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Dispoñible en <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/fondos/accesoweb.html>
- ALGa II = Fernández Rei, Francisco (coord.) (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. II. *Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza; Santiago de Compostela: Universidade.
- Álvarez Maurín, M. Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad.
- ARG = Arquivo do Reino de Galicia. Dispoñible en http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/fondos/bases-de-datos/base_0002.html
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2006): “Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa (eds.), *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, 235-255. Dispoñible en [65](http://www.conselloda-</p></div><div data-bbox=)

- cultura.org/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf, <http://hdl.handle.net/10347/9920>
- (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152. Disponible en <http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3412>
- (2012): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 151-168. Disponible en http://ilg.usc.es/elg/volume/4/peneira/Peneira_Boullon_ELGO4_2012.pdf, <http://hdl.handle.net/10347/6137>
- (no prelo): “A estrutura do *Dicionario dos apelidos galegos*”, en *Antroponimia e lexicografía. Simposio ILGa 2016*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel e Fernando R. Tato Plaza (1999): “Alonso e Montero: estudio antroponímico”, en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coord.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. I, 265-293.
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Xulio Sousa Fernández (dirs.) (2006-): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/>
- CDMontederramo = Lorenzo, Ramón (2016): *Colección documental do Mosteiro de Montederramo*. 3 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CDOscos = Álvarez Castrillón, José A. (2011): *Colección diplomática del Monasterio de Santa María de Villanueva de Oscos (1139-1300)*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>
- DAG = Boullón Agrelo, Ana I. (coord.), Luz Méndez, Gonzalo Navaza e Antón Palacio: *Dicionario dos apelidos galegos*. [En preparación]
- DRAG = González González, Manuel e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2006-): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <http://academia.gal/dicionario>

- Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Forebears = (2012-): *Forebears. Search for genealogical records*. [web]. <http://forebears.io/surnames>.
- HGN = Piel, Joseph M. e Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Hoyo, Jerónimo del [1950?]: *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto y Cía. Edición de Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome.
- Méndez, Luz (2016): “Toponimia e documentación, recursos documentais na rede”, en Xesús Ferro Ruibal (ed.), *Estudos de onomástica galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo, Pontevedra, 17 de setembro de 2016*. A Coruña: Real Academia Galega, 171-187.
- (no prelo): “Gheada, seseo e estandarización de apelidos”, en *Antroponimia e lexicografía. Simposio ILGa 2016*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Menéndez Pidal, Ramón (1926 [1980^o]): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Navaza, Gonzalo (2002): “A galeguización de nomes e apelidos: estado da cuestión”, en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9 e 10 de novembro de 2000)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 263-271. Dispoñible en http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2002_Actas-dos-IV-Encontros-pola-Normalizacion-Linguistica-9-e-10-de-novembro-de-2000.pdf
- (2012): “A grafía do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos” *Estudos de Lingüística Galega* 4, 169-185. Dispoñible en <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/409/406>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://www.xunta.gal/nomenclator>
- Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* 23, 143-202, 283-407.
- Real Academia Galega (2016): *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. A Coruña: Real Acadmeia Galega. Dispoñible en: <http://academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf>

- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf>
- Santamarina, Antón (1988): “Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega”, en Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85 aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer, [87]-96. [Versión española: “Problemas para la restauración de topónimos gallegos”, en E. Knörr e M. Á. Líbano (eds.), *Actas de las I Jornadas de Onomástica, Toponimia. Vitoria-Gasteiz, abril de 1986*. Bilbo-Bilbao: Real Academia de la Lengua Vasca / Euskaltzaindia, 1991, 237-246].
- TMILGa = Xavier Varela (dir.) (2007-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg/>